

11ª REUNIÓN DO CONSELLO DE AVALIACIÓN DOCUMENTAL DE GALICIA

Data: 25 de febreiro de 2022

Lugar: mixta: presencial, no Edificio da Biblioteca e Arquivo de Galicia, na Cidade da Cultura, Aula 1 e online, a través de videoconferencia

Hora de comezo: 13:00 h

Hora de remate: 14:30 h

Asistentes

1. Anxo M. Lorenzo Suárez, secretario xeral de Cultura, presidente
2. Jesús Oitavén Barcala, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, vicepresidente
3. M^a Josefa Piñón López, xefa do Servizo do Sistema de Arquivos, secretaria e vogal
4. M^a del Carmen Calviño Rodríguez, subdirectora xeral de Arquivos e Museos, vogal
5. M^a del Mar García Miraz, xefa do Servizo do Arquivo de Galicia, vogal
6. Gabriel Quiroga Barro, xefe de Sección do Arquivo do Reino de Galicia, vogal
7. Alfonso Cascudo Rasilla, xefe de Sección do Arquivo Territorial da Xunta en Pontevedra, vogal
8. Carlos Iglesias Patiño, xefe do Servizo de coordinación e Planificación do IGE, vogal
9. Carmen Moreiras Plaza, técnica de documentación do Parlamento de Galicia, en representación do Valedor do Pobo, vogal
10. Susana Díaz García, arquiteira do Arquivo Municipal de Foz, en representación da FEGAMP, vogal
11. José Luis Mínguez-Goyanes de la Rica, xefe do Servizo do CEDAR da Universidade da Coruña, en representación do Consello Galego de Universidades, vogal
12. Dolores Lestón Suárez, técnica do Arquivo Territorial de Xustiza na Coruña, vogal.





13. Eugenia Cuéllar Barbeito, subdirectora xeral de división, coordinación, Seguimento e Análise, en representación da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, vogal

14. M^a Isabel Novo Castro, letrada da Asesoría Xurídica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, vogal

Xustifican a ausencia

1. Pilar Cagiao Vila, profesora de Historia Contemporánea da USC, vogal
2. M^a José García Sexto, en representación da AMTEGA, vogal

Orde do día

1. **Lectura e aprobación da acta da sesión anterior**
2. **Informar sobre propostas de avaliación de series documentais da Administración autonómica**

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

- Rexistros de control horario dos empregados públicos. (Cód. AA058)
- Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias dos empregados públicos. (Cód. AA059)

Arquivo Territorial de Pontevedra

- Guías de Orixe e Sanidade Pecuaria. (Cód. AA5706)

Arquivo Central de Industria

- Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables. (Cód. AA4930)
- Expedientes de avaliación para a certificación de competencias clave para o acceso das accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego. (Cód. AA3134)

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos:

3.1 Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (Cód.U001)
Táboa T030. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1992-2017





Volume a eliminar: 616 u.i.

- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio (Cód.U003)
Táboa T032. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 2014-2015
Volume a eliminar: 72 u.i.
- Expedientes de aloxamento en residencias universitarias públicas (Cód.U010)
Táboa T059. DOG núm. 116 do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 1995-2015
Volume a eliminar: 543 u.i.

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

- Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Cód. AA5110).
Procedencia. Secretaría Xeral Técnica (nave do Tambre da Xunta Arbitral de Transportes)
Táboa T046 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021, rev. 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 1996-2009
Volume a eliminar: 1.899 u.i.
- Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Cód. AA5110).
Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra.
Táboa T046 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021, rev. 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 2010-2013
Volume a eliminar: 192 u.i.

Consellería de Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)
Procedencia: Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra e Servizo de Gandaría de Pontevedra
Táboa T043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020
Datas extremas: 1998-2018
Volume a eliminar: 447 u.i.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Turismo. D.X. de Xustiza

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (Cód. AA5063)
Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra
Táboa T047 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021





Datas extremas: 2009-2010

Volume a eliminar: 192 u.i.

Concello de Foz

- Expedientes de obras menores (Cód. AL236)
Táboa T022 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1987-2004
Volume a eliminar: 58 u.i.
- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód. AL594)
Táboa T023 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1990-2001
Volume a eliminar: 11 u.i.

3.2. Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Consellería de Medio Rural

- Guías de orixe e sanidade pecuaria (Cód. AA5706)
Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra e Oficina agraria Comarcal de Pontevedra
Datas extremas: 1985-2008
Volume a eliminar: 56 u.i.

4. Rolda de intervencións

DELIBERACIÓNS

Antes de comezar a xuntanza, o presidente dá a benvida a Eugenia Cuéllar Barbeito como vogal titular en representación da Intervención Xeral da Xunta de Galicia e que substitúe a Ana Lozano.

1. Lectura e aprobación da acta da sesión anterior

Queda aprobada a acta da sesión anterior

2. Informar sobre as propostas de avaliación de series documentais

Mar García comenta as dúas propostas elaboradas polo Arquivo Histórico Provincial de Lugo: "Rexistros de control horario dos empregados públicos" (AA0058) e "Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias dos empregados públicos" (AA0059)





Intervén José Luis Mínguez e propón que na serie "Rexistros de control horario dos empregados públicos" no campo da selección se engada o texto "o exíguo interese desta serie xustifica tamén a eliminación dos documentos anteriores ao ano 1990". Acéptase

O representante do IGE di que nas dúas series o prazo de conservación parécelle escaso xa que estes documentos poden ter valor estatístico, e que son unha fonte importante para valorar as cuestións de persoal do Fondo social Europeo, para o que se establece un prazo de 6 anos. Solicita que conste en acta a súa observación.

Eugenia Cuéllar tamén quere deixar constancia de que os prazos de 3 e de 5 anos parécenlle pouco e coincide co prantexado polo representante do IGE. Os controis dos Fondos Europeos cando analizan nóminas entran a computar rexistros horarios, horas extraordinarias, gratificacións... Cando hai financiación comunitaria que afecta a nóminas, xa sexan cofinanciadas en todo ou en parte, analízanse os rexistros horarios.

Debátese sobre este tema. Os técnicos non ven inconveniente en que se amplíe o prazo de conservación ata os 7 anos propostos.

Infórmase favorablemente as dúas series e se acepta a proposta dos representantes do IGE e da IXCA de aumentar a 7 anos a vixencia administrativa polo que a proposta de eliminación total será aos 7 anos.

Darase traslado a Arquivoira para que modifique os estudos de Avaliación coas propostas aprobadas.

O presidente pasa a palabra a Alfonso Cascudo que explica o estudo das Guías de Orixe e sanidade Pecuaria (AA5703). Apróbase.

Toma a palabra Mar García e explica os dous estudos do Arquivo Central de Industria:

Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables (AA4930) . Apróbase.

Expedientes de avaliación para a certificación de competencias clave para o acceso das accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego. (AA3134).

Gabriel Quiroga di que o título da serie é demasiado longo e debería reducirse. Mar García contesta que sobre este tema se debateu no Grupo de Traballo. M^a del Carmen Calviño engade que o título xa se reduciu moito en relación á primeira proposta da arquivista, que insiste en que como mínimo debe constar esta información para que se englobe todo o contido da serie.





Anxo Lorenzo di que en termos xerais o obxectivo debe ser asignar denominacións breves, pero este caso é unha excepción. Apróbase a serie.

3. Informar sobre as propostas de eliminación de documentos

Anxo Lorenzo informa sobre as propostas de eliminación presentadas.

En primeiro lugar comenta as propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG solicitadas por:

Universidade de Santiago de Compostela

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Consellería de Medio Rural

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Turismo. D.X. de Xustiza

Concello de Foz

A continuación informa sobre a proposta de eliminación dunha fracción da serie documental "Guías de orixe e sanidade pecuaria" (Cód. AA5706) presentada pola Consellería de Medio Rural xunto co estudio de avaliación e que queda condicionada á aprobación da Táboa de Avaliación e a súa publicación no DOG

Rogos e preguntas

Alfonso Cascudo comenta que se dirixiron a el dende os servizos técnicos xurídicos en relación ao interese por eliminar documentación dos centros educativos. Jesús Oitavén intervéñe e di que xa en anos anteriores houbo algunha iniciativa neste sentido.

Coméntase a importancia de familiarizar aos centros educativos na xestión documental e unha opción podería ser a través da difusión da guía de xestión documental publicada o ano pasado pola Secretaría Xeral de Cultura ou incluso facer unha adaptación específica para os centros escolares.

ACORDOS

1. Apróbase a acta da sesión anterior

2. Apróbanse as propostas de avaliación:

- Rexistros de control horario dos empregados públicos. (Cód. AA058). Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Amplíase o prazo de conservación ata os 7 anos.





- Expedientes de permisos, licenzas, vacacións e xustificacións horarias dos empregados públicos. (Cód. AA059). Arquivo Histórico Provincial de Lugo. Amplíase o prazo de conservación ata os 7 anos.
- Guías de Orixe e Sanidade Pecuaria. (Cód. AA5706). Arquivo Territorial de Pontevedra
- AA4930: Expedientes de certificación da profesionalidade e de acreditacións parciais acumulables. Arquivo Central de Industria
- AA3134 Expedientes de avaliación para a certificación de competencias clave para o acceso das accións formativas dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional da formación profesional para o emprego. Arquivo Central de Industria

3. Apróbanse as solicitudes de eliminación de documentos:

3.1 Propostas que contan con Táboas de avaliación aprobadas e publicadas no DOG

Universidade de Santiago de Compostela

- Expedientes de xestión do gasto e do pagamento (Cód.U001)
Táboa T030. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 1992-2017
Volume a eliminar: 616 u.i.
- Expedientes de bolsas de carácter xeral do Ministerio (Cód.U003)
Táboa T032. DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020
Datas extremas: 2014-2015
Volume a eliminar: 72 u.i.
- Expedientes de aloxamento en residencias universitarias públicas (Cód.U010)
Táboa T059. DOG núm. 116 do 21 de xuño de 2021
Datas extremas: 1995-2015
Volume a eliminar: 543 u.i.

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

- Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Cód. AA5110).
Procedencia. Secretaría Xeral Técnica (nave do Tambre da Xunta Arbitral de Transportes)
Táboa T046 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021, rev. 2 de setembro de 2021
Datas extremas: 1996-2009
Volume a eliminar: 1.899 u.i.
- Expedientes sancionadores en materia de transportes por estrada (Cód. AA5110).





Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra.

Táboa T046 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021, rev. 2 de setembro de 2021

Datas extremas: 2010-2013

Volume a eliminar: 192 u.i.

Consellería de Medio Rural

- Documentos de identificación bovina (Cód. AA1306)

Procedencia: Arquivo Xeral Territorial de Pontevedra e Servizo de Gandaría de Pontevedra

Táboa T043 DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2020

Datas extremas: 1998-2018

Volume a eliminar: 447 u.i.

Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia e Turismo. D.X. de Xustiza

- Expedientes de asistencia xurídica gratuíta (Cód. AA5063)

Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra

Táboa T047 DOG núm. 38, do 25 de febreiro de 2021

Datas extremas: 2009-2010

Volume a eliminar: 192 u.i.

Concello de Foz

- Expedientes de obras menores (Cód. AL236)

Táboa T022 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 1987-2004

Volume a eliminar: 58 u.i.

- Padróns do imposto sobre circulación de vehículos (Cód. AL594)

Táboa T023 DOG núm. 4, do 8 de xaneiro de 2020

Datas extremas: 1990-2001

Volume a eliminar: 11 u.i.

3.2 Propostas condicionadas á aprobación das Táboas de Avaliación e a súa publicación no DOG

Consellería de Medio Rural

- Guías de orixe e sanidade pecuaria (Cód. AA5706)





Procedencia: Arquivo Territorial de Pontevedra e Oficina agraria Comarcal de Pontevedra

Datas extremas: 1985-2008

Volume a eliminar: 56 u.i.

E non tendo máis asuntos que tratar, levántase a xuntanza ás 14:30 horas

Santiago de Compostela,

A secretaria

M^a Josefa Piñón López

V^o e prace

O presidente

Anxo M. Lorenzo Suárez

